

Martes, 28 de xullo de 2026

Núm. 142

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PAZOS DE BORBÉN****Persoal, oposicións**

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE ADMINISTRATIVO, GRUPO C, SUBGRUPO C-1

ANUNCIO

APROBACIÓN DE CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE ADMINISTRATIVO, GRUPO C, SUBGRUPO C-1. EXP. 381/2026

Con data 10/07/2026 se ditou resolución da Alcaldía do Concello de Pazos de Borbén que, entre outros aspectos, recolle:

“... Considerando axeitada a formación dunha lista de reserva para a provisión interina de prazas de administrativo nas circunstancias a que se refire o art. 10 do TRLEBEP, que permita dar resposta áxil e rápida ás necesidades de cobertura urxente, inaplazable e prioritaria, por afectar ao funcionamento de servizos administrativos do concello que acusan situacións de déficit de efectivos e consecuente minoración dos estándares dos servizos.

Por todo o anteriormente exposto, en exercicio das competencias que me confire a normativa vixente,

RESOLVO,

Primeiro.— Aprobar a convocatoria e as BASES REGULADORAS PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE ADMINISTRATIVO, GRUPO C, SUBGRUPO C-1", .../...

Segundo.— Publicar anuncio da aprobación da convocatoria e das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>), en aplicación do artigo 24 do da LEPG.

Terceiro.— Dar traslado do presente acordo ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.



Martes, 28 de xullo de 2026

Núm. 142

Cuarto.— Recursos procedentes:

Contra a presente Resolución que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante a alcaldía, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa publicación, ó abeiro do establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente o RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa publicación, consonte ó disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo de un mes segundo establece o artigo 123. da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.1 da lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto consonte o establecido no artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a dereito.”

O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. O sistema de selección é de concurso-oposición.

As características e bases íntegras se atopan publicadas e a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Pazos de Borbén <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal> e na páxina web do Concello <https://pazosdeborben.gal>

O Alcalde, Xosé Luciano Otero Camiña.

Documento asinado e datado por vía electrónica.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:NTEVG.1M7ZD51Q3D3

